

Guía didáctica de
Por el tiempo vuelo

Secuencia didáctica
parte do proxecto
Descifrando os grandes temas da cultura

Introdución

Obxectivos

Competencias clave e saberes básicos

Metodoloxía e orientacións didácticas

Actividades e recursos

Avaliación

Introdución

O obxectivo principal do proxecto é contribuír ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística do alumnado a través da comprensión e expresión de textos reais de distinta orixe e tipoloxía, concebidos como pedra angular das actividades didácticas. Todos os textos están estruturados arredor do **tema do tempo**.

Esta proposta xorde a partir da reconfiguración do currículo da ESO, especialmente no tocante ao bloque de Educación Literaria, que se afasta da tradicional orde cronolóxica e perspectiva nacional para entroncar directamente coa disciplina da Literatura Comparada, en particular, con **postulados tematolóxicos e transnacionais**. Este é o primeiro de oito ODE, organizados cada un arredor dun tema distinto, que se poden empregar de maneira illada ou secuenciada.

Obxectivos

Definimos os obxectivos deste proxecto en consonancia cos obxectivos de etapa, o

perfil de saída do alumnado de ensino básico e os obxectivos da materia desenvolvidos no *Real Decreto 217/2022, de 29 de marzo*, e no *Decreto 156/2022, do 15 de setembro*; como tamén con cada unha das dez competencias específicas da segunda etapa da ESO e os seus saberes básicos.

Desde xeito, os obxectivos principais do ODE son os seguintes:

Obxectivo 1. Desenvolver habilidades básicas na comprensión de textos escritos, orais e multimodais, identificando a información máis relevante e a intención comunicativa do emisor.

Obxectivo 2. Impulsar o sentido crítico á hora de comprender e analizar distintas manifestacións artísticas e literarias, en relación con diferentes contextos culturais.

Obxectivo 3. Coñecer os principios fundamentais da gramática da lingua castelá (morfoloxía, semántica, sintaxe, ortografía) e aplicar con autonomía ditos coñecementos, para escribir e falar con corrección en distintos contextos.

Obxectivo 4. Identificar e erradicar estereotipos clasistas, sexistas, racistas, xenófobos e sexuais a través da valoración de textos de autoría diversa seleccionada cun enfoque inclusivo e democrático.

Obxectivo 5. Promover o uso da creatividade na expresión de ideas, sentimentos e opinións, mediante a creación de textos orais, escritos, audiovisuais e multimodais.

Obxectivo 6. Fomentar a lectura habitual como medio de gozo, reflexión e coñecemento do mundo e dun mesmo.

Obxectivo 7. Implicar ao alumnado na aprendizaxe colaborativa, no apoio entre iguais e na auto e coavaliación.

Competencias clave e saberes básicos

Este ODE contribúe ao desenvolvemento das competencias clave expresadas no *Real Decreto 217/2022, de 29 de marzo* da seguinte maneira:

a) Competencia en comunicación lingüística: trátase dunha competencia fundamental dentro da materia, xa que o seu obxectivo intrínseco é a adquisición e desenvolvemento de destrezas e actitudes das habilidades comunicativas. Este ODE ofrece recursos didácticos para mellorar a comprensión e produción de textos orais e escritos, empregando coñecemento gramatical. Fomenta o coñecemento das tipoloxías textuais, o que permitirá ao alumnado utilizar a lingua en calquera situación, expresar sentimentos e pensamentos. Do mesmo xeito, esta competencia relaciónase estreitamente co traballo en torno á promoción da lectura.

b) Competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría: partimos da idea de que tanto a lingüística como a análise literaria poden abordarse desde os principios do método científico. Esta competencia trabállase neste ODE grazas á formulación de hipóteses, procesos indutivos/dedutivos, a busca e selección de información, a análise de resultados e o traballo con cadeas argumentativas, a identificación de ideas fundamentais, o desenvolvemento de a capacidade de abstracción, así como a relación lóxica entre conceptos e a súa representación gráfica (mapas conceptuais, realización de esquemas, etc.).

c) Competencia dixital: ao longo do ODE, promóvese a creación de contidos dixitais e é recorrente o uso de medios dixitais, tendo sempre presente tres cuestións fundamentais: veracidade das fontes, seguridade dixital e protección de datos. Actividades que fomentan a utilización de ferramentas dixitais variadas (procesadores de textos, programas de elaboración de exposicións orais con apoio visual, edición de vídeo, taboleiros virtuais...), para que o alumnado entre en contacto coas necesidades formais da sociedade actual. Así mesmo, a propia presentación do ODE en formato dixital presente servir como exemplo para o alumnado.

d) Competencia persoal, social e de aprender a aprender: as tarefas esixen do alumnado un proceso reflexivo e creativo, ademais dun tratamento crítico da información. No ODE incluímos actividades de autoavaliación e presentamos a información de distintas maneiras, para apoiar o alumnado na regulación da súa aprendizaxe. Tamén son centrais as tarefas en grupo, que promoven o desenvolvemento de habilidades interpersoais.

e) Competencia cidadá: inclúense actividades que promoven o debate e o diálogo na aula, o que implica o recoñecemento e respecto á diversidade de ideas, credos, opinións e identidades na actualidade e ao longo do tempo. O ODE presenta textos e tarefas relacionados co benestar persoal e colectivo, orientados a desenvolver o sentido de convivencia, respecto e tolerancia. Ademais, promóvese o respecto e interese polo resto das linguas e culturas de España e do mundo. Ademais, as actividades que implican a comparación con outras artes fortalecen o interese por participar na vida cultural e contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico.

f) Competencia emprendedora: o deseño das actividades deste ODE está sempre orientado a temas e dinámicas que poidan ser de interese para o alumnado, para que así desenvolva interese e motivación por emprender camiños propios. Así mesmo, a carga creativa central en varias das tarefas propostas promove o pensamento estratéxico e innovador.

Entendemos tamén que aprender a utilizar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, xa que unha das funcións da linguaxe é regular e orientar a nosa propia actividade e a nosa interacción cos demais: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar, poñer en valor as ideas dos demais. e negociar e traballar de forma cooperativa e flexible. Por iso, a adquisición de competencias

lingüísticas contribúe a progresar na iniciativa persoal e na regulación da propia actividade con autonomía.

g) Competencia en conciencia e expresión culturais: este ODE promove o interese e gusto pola literatura e outras artes (música, cine, pintura, videoxogos...) mediante actividades moi variadas. Para que o alumnado goce coa literatura e consiga consolidar o hábito lector, preséntanse actividades basadas na creatividade, como lecturas dramatizadas ou a transformación de obras.

Metodoloxía e orientacións didácticas

Neste ODE partimos dunha perspectiva da **aprendizaxe por competencias**, enfocada no desenvolvemento de habilidades e competencias clave, entre as que sobresaen todas as relativas á comunicación lingüística, intermedial e intercultural, pero tamén a educación dixital, o pensamento crítico e a valoración de expresións artísticas. Así mesmo, procura brindar ao estudantado a oportunidade de construír e regular a súa aprendizaxe, para acadar **autonomía** crecente no proceso.

Polo tanto, a proposta de metodoloxías para levar este ODE á aula combina as explicacións e **flipped classroom**, momentos nos que os estudantes adquiren coñecementos e conceptos básicos; **aprendizaxe dialóxica**, que pon o foco na interacción entre docentes e estudantado, e do alumnado entre si, e que promove a reflexión e a comunicación efectiva; ou a **aprendizaxe cooperativa**, nas actividades en pequenos grupos, onde o estudantado colabora para acadar metas comúns e contribúe a mellorar a educación en valores e o respecto.

Por conseguinte, adoptamos como **estratexias** de ensino, a presentación dos contidos de maneira accesible e significativa e a creación de espazos físicos e virtuais de transferencia de coñecementos e habilidades desenvolvidas. Ademais,

propoñemos como parte do currículo oculto do proxecto a **coeducación** e a **educación en igualdade** en outros aspectos (como os raciais ou de identidade e orientación sexuais), grazas á selección de textos con autoría diversa e con protagonistas variados que asuman roles afastados de estereotipos discriminatorios. Ademais, pola tipoloxía das actividades e textos artísticos seleccionados, outra actitude que se pretende transmitir como parte deste currículo oculto é a valoración dos diferentes modos de aprender e das distintas formas de expresión de ideas. En fin, todos estes valores están relacionados co coñecemento doutras realidades, a empatía e respecto por outras culturas, contextos e identidades.

O ODE presenta materiais que se poden distribuír temporalmente na aula con certa flexibilidade. Os **recursos** espaciais e materiais necesarios para implementalo son os habituais nas aulas galegas, como mobiliario que permita unha distribución variada á hora de cambiar os agrupamentos, ou recursos TIC como pantalla ou proxector, ordenador e equipo de son. De forma adicional, sería desexable que o alumnado contara con equipos de uso persoal na aula ou na súa casa.

O ODE presenta unha **estrutura** definida, que axuda a secuenciar os contidos de xeito coherente:

- Comezaremos cunha serie de **actividades para motivar, detectar e activar coñecementos** sobre os contidos tratados. Estas actividades son útiles para esclarecer cal é o punto de partida do alumnado e para a resolución de eventuais problemáticas en relación á materia.
- Continuaremos con **actividades e materiais teóricos para adquirir e consolidar aprendizaxes**, que son necesarias para avanzar nos contidos, asegurando así o desenvolvemento das competencias clave.
- Acabaremos con **actividades finais e de avaliación**, que serven para pór en

práctica todos os coñecementos, destrezas e competencias dos que fixemos uso ao longo do ODE. Avalíanse utilizando rúbricas, tanto por parte do profesorado como entre iguais.

- Ademais, e ao longo do ODE, ofrécense tamén unha serie de **actividades de reforzo** (destinadas a enmendar calquera tipo de déficit na consecución dos obxectivos) e **actividades de ampliación** (para que o alumnado que xa poida ter superados os obxectivos manteña a súa motivación e continúe desenvolvendo os seus intereses), fortalecendo así a atención á diversidade.

Inclúense actividades individuais e colaborativas, para fomentar a participación activa dos estudantes e promover a súa capacidade de traballo en equipo, e comprenden lecturas, exercicios prácticos, debates e análise de textos –literarios e non literarios– relevantes; ademais, usan distintos elementos multimedia e interactivos.

Os diferentes modos de interactividade **involucran o estudiantado na aprendizaxe de maneira activa** e impulsa a **creación de coñecemento**, ademais de adaptarse as necesidades particulares de cadaquén. Algunhas actividades interactivas son as seguintes:

- Imaxes interactivas, carruseis e despregables de información, que potencian o **descubrimento, manipulación e selección e datos**.
- Cuestionarios autocorrixibles (como actividades simples ou inseridos en vídeos), que ofrecen **retroalimentación instantánea**. Permite ao alumnado comprender as súas fortalezas e áreas de mellora, e así regular a súa aprendizaxe.
- Debates, tarefas en grupo e xogos educativos, que promoven o desenvolvemento de **habilidades sociais**, como a comunicación efectiva e o traballo en equipo.

Adicionalmente, podemos sinalar algunhas **accións concretas** de atención á diversidade:

- O ODE incúe **material teórico**, que pode servir para sesións deseñadas segundo a metodoloxía ***flipped learning***, pero tamén poden empregarse como reforzo do visto na aula. O beneficio principal da presentación dos materiais teóricos é que o estudiantado pode seguir **distintos ritmos**. Ademais, algúns destes vídeos inclúen preguntas e aclaracións intermedias, para facilitar a atención e a comprensión.
- As actividades en grupos favorecen o **apoio entre iguais**, estratexia que fomenta a percepción da diversidade e os diferentes talentos como algo positivo, ademais de que pode mellorar a convivencia na aula.
- As **actividades de ampliación** e propostas artísticas (lecturas, películas, obras de artes plásticas...) relacionadas co eixo temático completan e enriquecen a experiencia de aprendizaxe do alumnado que o precise ou prefira.
- O estudiantado que requira unha axuda adicional conta con **actividades de reforzo** autocorrixibles e con retroalimentación automática. O alumnado pode axustar as actividades ao seu ritmo e mesmo repetilas varias veces, se o necesita.

Recursos de avaliación

A aprendizaxe avalíase nos tres momentos habituais:

- **Avaliación inicial**, con actividades destinadas a motivar e detectar coñecementos previos sobre os contidos tratados na aula.
- **Avaliación continua de carácter formativo**, mediante a observación en aula, a entrega de tarefas ou fichas de control. No ODE ofrécense tarefas

autocorrixible, para que o alumnado poida **autoavaliar** e regular a súa aprendizaxe.

- **Avaliación final**, cunha tarefa final na que se traballan todos os contidos e cun enfoque competencial. Ofrécese, para avalar esta actividade, unha rúbrica que inclúe tamén procesos de **coavaliación** e **autoavaliación**, de maneira que o alumnado non perda de vista en que punto se encontra e cara onde se encamiña.

Durante e tras a implementación das secuencias na aula o docente debe avaliar o desenvolvemento das sesións. Os criterios que se deben considerar son:

1. Temporalización das distintas actividades para a aula concreta.
2. Adecuación da metodoloxía e dos recursos.
3. Uso dos espazos e agrupamentos.
4. Medidas de atención á diversidade suficientes e axeitadas.
5. Clima de traballo idóneo para favorecer a reflexión, o intercambio e a colaboración.